

ROUCCO

SON

Falamos de rock en galego

Número 16- Abril 2022

Publicación gratuita

Colle unha!



PONXA INTENSO
DANTALION

ROCKAÍNA
GRIMA

ALMA DE PIEDRA
SESO DURÁN

Ponxa Intenso, Rockaína e Alma de Piedra unen forzas na Sala Moon de Compos

Fotos de Ramón Yoshimura

Tres bandas de rock galegas de estilos distintos pero unidas nun concerto cheo de humor e desenfado, que imitou ser nada menos que unha “Convención de Terraplanistas”. Así foi a noite que reuniu a Ponxa Intenso, Rockaína e Alma de Piedra na sala Moon de Compostela, organizada por Andrie Stornergasm no sábado día 5 de marzo. Nós estimos alí para contarvos todos os detalles!

Ponxa Intenso foron os encargados de abrir a noite. Dende un primeiro momento, o grupo de Monte Alto chama inmediatamente a atención coa súa estética hippie e oriental, e cunha formación que combina frauta, pandeireta, ou ata catro voces tanto femininas como masculinas xunto co resto de elementos dunha alineación rockeira tradicional, onde cabe destacar tamén o gran protagonismo do baixo. O folk e a psicodelia eran, polo tanto, xa de entrada partes claras do seu son. Estes elementos tamén ían dando paso a pasaxes máis propios do funk ou do rock progresivo, onde se apreciaba ademais unha influencia clara do rock andaluz, mantendo sempre un enfoque retro e setenteiro.

A banda ocupouse de transmitir a súa boa vibra dende o comezo do concerto, ao que entraron tocando e bailando dende o público (e volveron baixar tocar entre os asistentes nalgunha que outra ocasión). As letras satíricas en castelán ou galego intercalábanse con longos solos envolventes dos diferentes instrumentos, que lle deron ao concerto un toque fresco, improvisado e novo. Ademais, destacaba a incorporación e interpolación de melodías, letras e outros elementos propios da música popular galega, como puideron ser os ritmos de muiñeira ou mesmo a incorporación do mítico “Fuches ti” ao seu re-






ptorio. Houbo, incluso, a pesar de que o grupo provén de terras coruñesas, unha canción adicada á Ponte de Rande que une Vila-boa e Redondela e que é punto de paso case obrigado para entrar ou saír de Vigo. Todos estes elementos fixeron do seu directo unha actuación sorprendente, tanto por tocar a banda un estilo pouco habitual por estes lares, como polos elementos innovadores que aínda por riba introducían no mesmo.

Pasou entón a ser a quenda de Rockaina, un grupo de hard rock blueseiro e melódico, que se encargou cos seus disfraces e a súa irreverente posta en escena de meternos a todos os asistentes na suxerente ambientación dunha convención terraplanista. Foi un concerto moi divertido, cheo de teatralidade e cambios de vestuario, por parte especialmente dos guitarristas, que non desaproveitaron ocasións para tocar entre o público, e, como non, do vocalista, coa súa voz





fonda e dramática. Houbo lume, houbo recitacións bíblicas ao máis puro estilo Pulp Fiction, houbo discursos excéntricos, houbo partes cañeiras e partes suaves, solos de guitarra e ata de teclado... O que non houbo foi posibilidade de aburrirse para o público que ateigaba xenerosamente a Sala Moon e que berrou pedindo máis.

A última banda en tocar foi, axeitadamente, a máis cañeira: Alma de Piedra, un trío provinte de Ares. A pesar de que se definen simplemente como rock, as influencias do heavy metal na súa música eran moi claras, comezando ademais cunha canción rápida de puro speed metal na que non faltou o dobre pedal a toda máquina. O grupo combina unha considerable énfase nos riffs, pesados e metaleiros, con retrousos melódicos e pegadizos e solos rockeiros, dando lugar no seu conxunto a un son de metal e rock duro clásico e sempre efectivo. Por outra banda, as letras tamén frecuentaban territorio clásico, con cancións sobre o rock e o estilo de vida rockeiro. A formación ao máis puro estilo dos míticos power tríos do estilo non precisaba de nada máis, aínda que si se serviron dunha colaboración co vocalista de Rocakáina (tamén hai que destacar que o baixista da banda é parte así mesmo de Ponxa Intenso). A súa actuación foi un colofón potente e perfecto para a noite.

En resumo, unha sala Moon ateigada vibrou con tres bandas de estilos distintos que fixeron, pola súa heterodoxia, que a noite se mantivese sempre entretida e interesante ao longo de todas as actuacións. Sempre é de agradecer que haxa colaboración entre grupos de ámbitos diferentes, rompendo estereotipos ao respecto e dando lugar a concertos e en definitiva a unha escena máis grande e diversa, e que non sexa unha mera suma de partes. Agardamos que haxa máis ocasións como esta para unir a tres grupos coma estes.







Dantalion presenta en Vigo o seu novo álbum Time to Pass Away

Dantalion presentará por primeira vez en Vigo, o venres 17 de xuño, o seu último traballo *Time to Pass Away*, no que volven afondar na súa persoal visión do black metal. O quinteto vigués reafírmouse unha vez máis, con este disco, como unha das bandas máis destacadas do panorama black metal estatal actual. Unha agrupación que non decepciona ao vivo e amosa a súa enorme calidade e experiencia tras anos de carreira e esforzo. A pesar de proceder da propia cidade olívica, ver a Dantalion en directo sempre é unha ocasión destacada a aproveitar, xa que non adoitan facer moitos concertos; moitas veces, limitándose na súa propia cidade incluso a un concerto de presentación por cada disco que sacan. Pero nunca decepcionan, a pesar da grande anticipación.

Os vigueses son un dos pioneiros indiscutibles do black metal en Galicia, e un dos seus nomes máis representativos por dereito propio. Non só pola temperá aparición da súa banda predecesora *Mydgard*, formada no ano 2000 e da que tamén procede *Morg*, baixista dos tamén pioneiros *Balmog*; senón así mesmo por ter editado un dos primeiros álbums completos do xénero en Galicia, *When the Ravens Fly over Me*, en 2006, co selo alemán *Der Germanske Folket*.

A banda comezou practicando un black metal con crecentes elementos do doom metal, e incluso atravesaron unha fase na década pasada na que mudaron o seu estilo polo death/doom melódico, sen abandonar nunca tampouco puramente os elementos do black. Pero en 2018 volveron pola porta grande ao seu estilo orixinal co escuro *The Seventh Wandering Soul*, unha tendencia que continúan agora con este *Time to Pass Away*. Este último disco destaca tamén polo regreso do vocalista *Sanguinist*, que xa formara parte do grupo na época na que sacaron os discos *All Roads Lead to Death* (2010) e *Return to Deep Lethargy* (2012).

Neste concerto que terá lugar no *Transylvania*, os galegos estarán acompañados polos madrileños *Spectrum Mortis*, que chegan a Vigo despois de asinar cun dos selos máis destacados do panorama europeo, *Listenable Records*. Con eles editarán o seu primeiro álbum completo *Bit Meseri-The Incantation*, un álbum que promete auténtico doom/death metal escuro e blasfemo e que se podería converter nun dos discos estatais máis destacados do xénero deste ano 2022. A sala abrirá portas ás 21:30, e a entrada terá un prezo de 10 euros.



Comprometido coa innovación, Seso ten obtido numerosos recoñecementos dentro e fóra de Galicia polos seus proxectos educativos

O cantautor marinense Seso Durán ven de publicar o 20 de abril o seu novo disco *Ascensión*. Este traballo supón a súa consolidación como solista tras debutar con *Son da Memoria*, un disco que revisaba o terror vivido en Galicia tras o golpe de 1936 e co que se deu a coñecer. Porén, nesta ocasión xa no dirixe o seu ollar cara o pasado e ás súas consecuencias no presente; *Ascensión* marca o inicio dunha nova etapa na que Durán explora temáticas máis actuais.

A través dos dez cortes do álbum de 41 minutos de duración, o artista no seu pop rock en galego con letras comprometidas que falan de todo o que, como profesor, compositor e historiador, lle trae de cabeza: a violencia de xénero, a soidade nun mundo hiperconectado, o estrés da vida dixital,

o amor incondicional, a crise ecolóxica... O título do álbum xorde, explica, dunha reflexión persoal: "Ser humano é aburridísimo. Dalgunha maneira precisamos elevárvos: pirámides, rañaceos, relixións, récords deportivos, followers... Non abonda chegar a ser quen es. Queremos transcender, expandirnos, porque sabemos que non imos durar; nin nós nin nada do que fagamos".

Este novo traballo está producido, gravado e mesturado por Iago Lorenzo, que ten traballado con Presumido, Furious Monkeyhouse, Voltaica ou Heredeiros da Crus. Foi masterizado por Robin Schmitz de 24-96 Mastering Studio, e será editado por Inquietudanzas Sonoras. O deseño gráfico é obra de Guillotina Estudio, a partir dunha fotografía de Esther Medraño. O resultado de todo

isto é un disco elegante e ávido de contacto: "A idea era que soara a banda tocando en directo, que a distancia entre o disco e o palco fose moi pequena", resume Seso. Para logralo, contou coa colaboración de José Bruno, batería con Andrés Calamaro, Leiva e Joaquín Sabina) e Manu Conde (guitarrista en Milladoiro), cos coros de Olga Lalín, Sabela Cereijo, Laura Taka e Sandra Lima, e coas guitarras e ambientes ao teclado do propio produtor.

En novembro de 2020 publicárase un primeiro adiando, «Sorriso triste», e o pasado 24 de marzo viu a luz o primeiro videoclip, «Infinitesimal»; filmado en Vigo, baixo a dirección de David Hernández e Alex Penabade, recrea os días de domingo perpetuo ditados pola pandemia. A xira de presentación de *Ascensión* vai arrancar en Vigo,

na Sala Master Club, o 29 de abril, para percorrer deseguido a xeografía galega.

Seso Durán iniciou a súa carreira musical nos 90 como integrante e compositor no grupo folk Liorna. Tras 10 anos alonxado dos escenarios, nos que centrou a súa actividade profesional na docencia da música, en 2017 debutou en solitario con *Son da Memoria* xunto a músicos como Charlie Bautista, Javier Cedron ou Carmen Rey. Comprometido coa innovación, Seso ten obtido numerosos recoñecementos dentro e fóra de Galicia polos seus proxectos educativos e é un invitado habitual en destacados foros pedagóxicos e culturais como Culturgal, a Universidade de Santiago de Compostela ou a Universidade Autónoma de Madrid.

Dous meses despois, as salas de ensaio de Vigosónico seguen pechadas

O pasado 25 de febreiro foi a data anunciada polo Concello de Vigo para a reapertura das salas de ensaio de Vigosónico, logo de dous meses de protestas por parte da plataforma Grupos de Vigo en Loita para a recuperación deste servizo municipal. Porén, máis de seis semanas despois, esta reapertura aínda non tivo lugar. Xa en febreiro, dende Grupos de Vigo en Loita advertiron da posibilidade de que o Concello non cumprise os prazos, ao non ter informado en ningún momento, e ata agora, dos mesmos aos grupos, só centrándose en facer publicidade dun curso de emprendimento da Fundación Paideia nas mesmas instalacións. Poucos días antes, o alcalde cambiou repentinamente nunha rolda de prensa a previsión da reapertura a “finales de febrero, principios de marzo”. Agora, o Concello acaba de anunciar unha nova data de reapertura, o 3 de maio, para a que por fin anunciaron a apertura dun proceso de solicitude de sala.

Grupos de Vigo en Loita denuncia que o goberno municipal ignorou reiteradamente ás súas peticións de información ao respecto, e esixe que se cumpra a data de reapertura e se informe aos grupos sobre o servizo e as condicións do mesmo, amosando desconfianza. En palabras do colectivo, “o desinterese absoluto non só por dar o servizo que demandan as bandas de Vigo, senón simplemente por atender ás súas demandas e ter a máis mínima comunicación con elas, contrasta co triunfalismo trasladado polo alcalde aos medios de comunicación, adicándose a repetir que reabriría inminentemente as salas de ensaio. Os feitos, finalmente, son os que son, e as salas polo momento seguen pechadas”.

Para o colectivo, todo isto demostra “que en todo o tempo que o Concello pasou argumentando que o servizo non reabría por mor da pandemia estaban efectivamente mentindo, pois xa anunciaron a bombo e platillo que xa se daban as condicións para a reapertura e aínda así non as reabriron na data inicialmente indicada”. Mentres tanto, afirman, “as instalacións de Vigosónico





están ocupadas por un curso para empresas que ninguén pediu, e que demostra o descoñecemento e o nulo interese por parte do Concello de coñecer o tipo de bandas que empregaban estas instalacións”.

Na reunión con representantes da plataforma que a Concellería de Xuventude tivo des-

pois de que se anunciase a frustrada reapertura, a concelleira comprometeuse, ademais de a manter unha comunicación fluída cos mesmos, a promover que os grupos de Vigosónico fixesen parte dos concertos organizados polo Concello, entre outros compromisos. Dende Grupos de Vigo en Loita denuncian que non houbo nin-

gún avance en ningún sentido, confirmando as súas máis pesimistas previsións.

O colectivo afirma que seguirá protestando “ata a recuperación do servizo nas condicións dignas prometidas”, anunciando que realizará diversas accións reivindicativas proximamente nesta liña.

ROUÇO SON

falamos de rock en galego

Grima

ten novo álbum

A ver Ahora

Grima, un dos dúos que máis está a revolucionar os escenarios do panorama galego, presenta o seu novo disco de estudio, *A ver Ahora*. 8 cancións enérxicas, contundentes e explosivas que inclúen as colaboracións tanto das coruñesas Bala como do vigués Kaixo, coñecido cantante de trap e tamén vocalista do grupo de rock Youcanthide xunto aos membros dos tamén vigueses Kings of the Beach.

Precisamente a canción que o dúo pontevedrés gravou con este último, titulada "Ácido", saíu cun videoclip que está a ter unha gran acollida en redes e que podedes ver ao final desta noticia. Estas colaboracións engaden aínda máis ao toque fresco e mestizo en canto a estilos musicais do disco.

A ver ahora é o segundo traballo de estudio da banda, despois do *A ver* a que sabe de 2018. Igual ca este, é un disco relativamente breve, duns 27 minutos, con cancións esta vez entre o inglés e o castelán. A banda está xa inmersa en plena xira por salas coa súa promotora Galunk Producións, na que presentarán o álbum por toda Galiza e tamén con datas en Madrid, Andalucía, Cataluña... E unha pequena xira por Portugal pasando por Porto e Barreiro. Achégate á cidade ou vila que che quede máis preto para gozar co potente directo do dúo! E, mentres tanto, podes escoitar o disco en calquera das principais plataformas dixitais.



Grima



En Galicia hai varios medios de comunicación, webs ou programas de radio que en maior ou menor medida adócanse a espallar a música metal feita na nosa terra. Porén, poucos poden presumir de facelo tanto e con tanta regularidade coma o S.O.S. Heavy Metal Radio Show de Filipe Marta. E este programa de radio ten a particularidade de que nin sequera está feito en Galicia. Emítese na radio Antena Minho, ubicada na cidade de Braga, na rexión portuguesa chamada precisamente O Minho e ubicada debaixo da provincia galega de Pontevedra.

Filipe Marta leva a cargo deste espazo radiofónico dende as súas orixes nos mesmísimos anos oitenta, unha das épocas douradas da música metal por excelencia. E ao longo de toda a súa historia, o metal feito ao norte da Raia tivo unha considerable importancia nel, especialmente nos últimos anos. O programa está adicado a metal de todo tipo e procedencia, pero é indiscutible que o metal galego parece ocupar nel un lugar especial, con numerosas entrevistas e sesións de música adicadas completamente a bandas galegas. A proximidade xeográfica e os fortes lazos económicos, sociais e culturais entre ambos territorios favoreceron unha interconexión que esta a ser especialmente fructífera para as bandas do norte da Raia, que contan no S.O.S. Heavy Metal Radio Show de Filipe cun espazo constante de exposición e divulgación para a súa música.

Dende Rouco Son temos xa colaborado con eles anteriormente, e non queríamos deixar pasar a ocasión de entrevistar a Filipe Marta para saber máis sobre as múltiples ligazóns entre o metal portugués e o metal galego, nas que o propio Filipe é sen dúbida un elemento fundamental. Agardamos que estas ligazóns sexan incluso cada vez máis fortes no futuro!



Dende o teu programa de radio das un apoio moi importante ás bandas de metal galegas. A que se debe este gusto polo metal dos vosos veciños do norte?

Xa é unha cousa que vén de hai tempo. Sempre tiveron bastante feedback por parte de ouvintes de Galiza. Ademais, eu sempre sentín unha ligazón moi forte con Galiza, e xa viña seguindo a varias bandas galegas dende hai bastantes anos. E tamén notaba que había un interese por parte dos ouvintes portugueses do que se facía alí. Entón eu tiña cada vez máis interese en comunicarme convosco, para divulgar o voso metal. Porque hai

bandas moi boas que están moi olvidadas, e sería en certa forma un crime non divulgalas (risas). A todo isto hai que engadir, por suposto, a ligazón histórica entre Galiza e O Minho. Para nós é como a nosa casa.

De feito o programa emítese na radio Antena Minho, da cidade de Braga. Inflúe, pois, esa cercanía xeográfica a Galicia. Cantos anos se leva facendo o programa?

O programa xa existe dende 1986, levamos máis de 35 anos. E tes razón, esa proximidade de Braga concretamente, do Minho, crea unha grande ligazón con Galiza. Tamén coa súa cultura. E isto





Filipe Marta, o locutor portugués que fai soar o metal galego no país veciño

inflúe en que se fixese esta ponte entre ambas.

Ti que tanto coñeces ambas, pensas que hai toda a relación que debería entre as escenas galega e portuguesa, ou aínda hai que tender máis pontes?

Debería haber máis. Non hai a suficiente aínda. Neste último ano houbo máis intercambios, e varias bandas galegas están vindo tocar aquí: Balmog, Grima, Mano de Piedra, Mileth... Pero aínda non hai unha relación persistente e sólida. Tamén hai que ter en conta que Galiza ten un circuito de espectáculos ao vivo de bandas underground a nivel de locais que apoian ás bandas maior que Por-

tugal. Aquí, se queres ir tocar por exemplo ao Algarve, é moi difícil

en termos de custos. A non ser, claro, que sexas unha banda tri-

“Eu sempre sentín unha ligazón moi forte con Galiza, e xa viña seguindo a varias bandas galegas dende hai bastantes anos”

buto. En definitiva, oxalá consigamos facer esa ponte, porque é o lóxico, hai tantas semellanzas...

Un elemento de unión pode ser en certo xeito a lingua. Cada vez que falas con bandas galegas no programa, elas empregan o galego e ti o portugués. Entendédesvos sempre ben a pesar da diferenza lingüística?

Eu non identifico o galego como idioma diferente. Cando oio galego é como se ouvisse portugués (risas). Non sinto dificultade ningunha, e teño sentido que por parte das bandas que teño entrevistado non hai tampouco practicamente ningún problema. Penso que só con unha banda tiven pro-

blema de entendimento lingüístico. Mais polo demais, o idioma é tan semellante que nunca hai dificultade. Pola contra, o español si que me resulta máis difícil.

En Galicia, o metal en galego está expandíndose pouco a pouco, pero aínda non é maioritario. Cal é a situación do metal en portugués no teu país?

En primeiro lugar quero dicir que é espectacular a produción que esta a ter o metal en galego. Hai unha tendencia ascendente de bandas que cantan na propia lingua, defendendo a cultura propia. En Portugal? Acho que nos últimos tempos xa máis bandas cantan en portugués. Penso que sempre houbo algunhas bandas no armario, de forma minorita-

“É espectacular a produción que esta a ter o metal en galego. Hai unha tendencia ascendente de bandas que cantan na propia lingua, defendendo a cultura propia”

ria, pero por fin comezan aparecer máis que usan a nosa propia lingua. E xa hai bastantes, como por exemplo Filii Nigrantium Infernalium.

Volvendo a falar das orixes do programa, como xurdiu a idea de crear un programa coma S.O.S. Heavy Metal Radio Show, onde o metal máis underground ten un espazo tan importante?

Cando se iniciou o programa, nos anos oitenta, polo menos en Portugal, non sei en Galiza ou en España, o Underground non estaba tan desenvolvido como o podía estar en países como Estados Unidos. Por iso, o enfoque underground **do programa foi algo** que se foi construíndo co tempo,



tal vez a partir dos anos noventa, cando se comezou notar cada vez máis a presenza das bandas underground no programa, a través das entrevistas, das demos en cinta... Dende entón si que intentamos divulgar especialmente o underground e darlle visibilidade, para empurrar ás bandas a seguir traballando. Intentamos darlle un espazo igual que o que damos ás bandas máis coñecidas.



40º ANIVERSARIO

PARLAMENTO
DE GALICIA

EXPOSICIÓN
O PODER DA PALABRA
40 ANOS DO PARLAMENTO DE GALICIA | 1981 - 2021

A CORUÑA
27 DE ABRIL- 27 DE MAIO

SALA DE EXPOSICIÓNS AFUNDACIÓN
Cantón Grande, 8 A Coruña

Horarios
Luns a venres de 17.00 a 21.00 h
Sábados e festivos de 12.00 a 14.00 h e de 17.00 a 21.00 h

Colabora:

//Afundación
Obra Social ABANCA

**Libre Expresión de Medios
de Galicia, LIEXGAmedia**

**Proximidade. Honestidade.
Solvencia. Pluralismo.**

Falamos de rock en galego. Edita: Libre Expresión de Medios de Galicia. Romero Donallo 26 15706 Santiago. Imprime: Tameiga. Peche de edición: 25-04-2022 nº16. Depósito legal: C 1279-2021. Director: Javier Carnota. Teléfono: 620 967 549. Coordinador de contidos: Jacobo Mouriño Almeida.



Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímolos cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímolas mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tova de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com